



LISTAXE DE
REPRODUCCIÓN



CATÁLOGO E
UNIDADE DIDÁCTICA
FORMATO DIXITAL



EXPOSICIÓN DE MÚSICA
EN GALEGO
DO SÉCULO XXI

CAN TÁ mola en GALEGO



IDEA DO PROXECTO E EDICIÓN:
Concello de Pontevedra
Concellaría de Normalización Lingüística

COMISARIADO E CONTIDOS
DA EXPOSICIÓN:
© **Pepe Cunha e Teresa Cuiñas**

FOTOGRAFÍAS:
© **dos/das autores/as**

DESEÑO E PRODUCCIÓN:
© **CAPICÚA**

UNIDADE DIDÁCTICA:
© **Rosalía Fernández Rial**

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
**Servizo de Normalización Lingüística
do Concello de Pontevedra**


DL: PO 108-2021

IMPRESIÓN:
Gráficas Anduriña

LISTAXE DE
REPRODUCCIÓN




CATÁLOGO E
UNIDADE DIDÁCTICA
FORMATO DIXITAL



ÍNDICE

EXPOSICIÓN parte I: cantámOLA en galego	3
Introdución	4
Ser unha mesma. Canción de autoría	6
Pop-Rock I	8
Pop-Rock II	10
Músicas urbanas, electrónica, experimentación	12
Rap, hip-hop	14
Máis tradi	16
... ou menos tradi	18
Se isto non se amaña, caña, caña, caña. Letras comprometidas e sons duros	20
Mestizaxe. Ritmos do mundo	22
Infantil e familiar	24
Xuntas e revoltas	26
O humor	27
Singulares. Ás veces	28
Conclusión e recursos	30

EXPOSICIÓN parte II: Como soa o século XXI en Pontevedra	33
Introdución	34
Escenario Pontevedra	35
Galegote Rock	36
Surfing the Lérez	37
Cabos Soltos	38
Xeración Sónica	39
Local de Música	40
UNIDADE DIDÁCTICA	43



CAN TÁmola en GALEGO

Cantarmos na nosa lingua é un xeito de vivila, de gozarmos dela, de celebrala.

Mais a lingua tamén nos axuda a conectar de xeito directo co que nos di a canción. Laiármonos porque non hai cancións abondas en galego xa non está xustificado, é cousa do século pasado.

Daquela tiñamos a música tradicional, a canción protesta e pouco máis, pero o XXI trouxo a democratización dos recursos, fomentou o faino-ti-mesmo (DIY) e deu como resultado unha oferta abonda e variada na que nos mergullar. Seguro que mentres les isto chega ás redes sociais outra nova canción en galego.


A oferta presentámola espallada en paneis complementarios: **pop-rock, canción de autor, experimentación e electrónica, músicas urbanas, (máis ou menos) tradicional, rap, caña, mestizaxe, infantil e familiar, recompilacións, recursos...** Independentemente das prioridades coas que te achegues, ben seguro que en cada sección atoparás músicas divertidas, emocionantes, sorprendentes...

Pepe Cunha

Desde o Concello de Pontevedra ideamos e puxemos en marcha esta exposición porque a música en galego tamén é fundamental, tanto para vivirmos a lingua de maneira normalizada como para achegarse ao galego e botarse a falar cantando. Quixemos amosar toda unha fervenza de estilos, tendencias e inquedanzas na que cadaquén atope propostas que lle presten.

Porque cantarmos MOLA,
e facelo EN GALEGO aínda máis.

CantáMOLA en galego!



CAN TÁ GALEGO

mola
- en

A canción
en galego
no século
XXI

// Xa verás
todas as músicas
que se fan en galego.

// Nesta exposición
atoparás varias
ás que te enganches
e outras moitas
ás que abrires as orellas.

// Agrupámolas como orientación,
nunca como límites
ou compartimentos pechados.

"Eu cántolle ao demo,
cántolle ao espírito santo.
Se non tes ninguén que che cante,
eu cántoche encantado"
(Terbutalina "Muineira da costa")

"O cantar enche a ialma,
tamén enche o corazón,
o cantar trae recordos,
aínda que ti creas que
non".
_Tanxugueiras

"E a súa cantiga soa como
se fose cantada por esas
mulleres fortes que cantan
na súa casa".
_Guadi Galego

"Coro faise o meu cantar
ao saberme secundada".
_Sés

"Son neofalante, mais
perdoa que che diga, levo
o galego de Catalunya
a Euskal Herria".
_Ezetaerre

"Fala galego e non teñas medo /
canta en galego e non serás menos".
(Zënzar "O galego")

"Galiza non te puideron calar
e ben que o teimaron.
Se non cantas polo erguido,
asubías polo baixo".
(Uxía "Alalás encadeados")

A nosa lingua é parte intrínseca da nosa cultura, da nosa
identidade como pobo. Empregala é celebrarmos esa riqueza e esta
mostra vén demostrar que, sobre todo, cantar en galego presta. Non hai
escusas, temos onde elixir. Abonda a calidade e a variedade; das
músicas máis unidas á tradición e o folclore ás tendencias máis actuais.
Desde os anos 60 as cancións en galego asomaron a cabecíña en
momentos concretos, pero hoxe en día xa cantamos en calquera estilo.

No século pasado, o movemento **Voces Ceibes** reivindicou o galego cando
estaba prohibido. Andrés do Barro levouno ás listas de éxitos a nivel estatal. Os
nossos poetas e o mundo rural foron cantados pola **Nova Canción Galega**. Os
Resentidos amosaron que en galego podía ser do máis moderno. O rock máis
desprexuízado e atrevido chegou co **Movemento Bravú**, **Os Diplomáticos de**
Monte Alto e os **Herdeiros da Crus**. E o éxito do **Xabarán Club** da Televisión
de Galicia demostrou que nos gusta cantar en galego.

O novo século trouxo a música
e os métodos de gravación
ao alcance de máis ouvintes
e creadoras potenciais.
As primeiras xeracións da Internet
crean, consomen e comparten
músicas pasando do que decidan
os medios de comunicación.
A oferta é tan grande que pode
distraernos de máis e toda escolma
corre o risco de esquecer nomes.
Porén, aquí repasamos moito do mellor,
artistas que son referentes aquí
pero que tamén se recoñecen fóra,
propostas interesantes e de moita
calidade, traballos dignos da atención
de todas nós, do público.

Pepe Cunha

DESCARGA
AO VIVO



_Guadi Galego.

Foi cantante de Berrogüetto, unha das mellores bandas que deu Galiza. Desde a música tradicional, esta cedeirense viaxou até a canción pop no senso máis rico e amplo, tecendo unha traxectoria sólida, valente, comprometida e de enorme riqueza musical. A triloxía “**Lúas de outubro e agosto**”, “**O mundo está parado**” e “**Bóla de cristal**” tivo unha revisión plurilingüe en “**Immersion**” (2019).

_Sés.

É a artista que máis entradas e discos vende nunha carreira ascendente especialmente desde “**Co xenio destrozado**” (2013). Cunha voz que pode ser tan poderosa como doce, e inspirada en referentes da canción popular galega e americana, defende unhas letras moi traballadas e cheas de compromiso feminista, proletario e galego. “**Tempestades de sal**”, “**Non son fada**” ou “**Milonga de aquí**” son himnos.

_Uxía.

Gañou o alcume de “madríña” da nosa música, pois abriu camiño e sempre apoia outras compañeiras e propostas. Unha das nosas mellores voces, de elegancia abraiante, debutou en 1986 con “**Foliada de marzo**”, pasou por Na Lúa, canta os nosos poetas, colabora con moitas artistas e proxectos, e lidera María Fumaça co seu afillado Rui. Ademais, é o noso lazo coa lusofonía a través do festival Cantos na Maré. “**Baladas da Galiza imaxinaria**” (2015) con Narf foi un encontro marabilloso.

_Fran Pérez “Narf”.

Foi un dos nosos artistas máis queridos e respectados, dos que deixan pegada fonda no artístico e no persoal. A súa visión ampla da música popular levouno a compoñer para espectáculos e gravar álbums estupendos en solitario (“**Tótem**”), a dúo co guineano Manecas Costa (“**Aló Irmao**”) e con Uxía (“**Baladas da Galiza Imaxinaria**”), en trío de blues-rock (“**Nas tardes escuras**” sobre poemas de Rosalía de Castro). Tan pronto tocaba só nun pub como en palcos cos mozambicanos Timbila Muzimba ou coa banda de Budiño.



©Carlos Abal Lobato

SER unha MESMA

Independentemente do estilo musical, hai propostas onde a figura da **vocalista-compositora** é máis protagonista.

_Ugia Pedreira.

Malia non contar con discos “de seu”, é compositora e vocalista de referencia, cunha traxectoria a reivindicar na produción, nos palcos e en gravacións de bandas nas que participou (Chouteira, Nordestin@s, Marful, Acrobata, Ecléctica Ensemble...) ou coas que colaborou (GalegoZ, A Matraca Perversa)... Agora reinvéntase en A Pedreira.

_MJ Pérez.

Presentouse en 2013 e ao longo de catro discos apreciamos un crecemento estilístico baseado en ilusión e personalidade innegociábeis.



“Só buscaba o pracer de partir un canto, un lamento, un berro, un canto, unha pena, un quebranto”.

(Guadi Galego “Mente en branco”)

©Carlos Abal Lobato

Canción de AUTO_RÍA



©Pixelin Photo



©Moncho Fuentes

_Pauliña.

Lidera con carisma a súa propia banda e defende roqueira e sen pelos na lingua os seus “**De-xeneración**” e “**A malfalada**”.

_Brais Morán.

O ex de Loretta Martin leva xa dous álbums de cantautor tan roqueiro como étnico: “**Cruzando o eclipse**” e “**No mato do desespero**”.

_Budiño.

Este recoñecido gaiteiro e multiinstrumentista lanzouse a cantar e escribir con “**Fulgor**” (2019).

Porén, hai moitos máis nomes que achegan variedade e non debemos esquecer: · Emilio Rúa · a galego-palestina Najla Shami · Miguel Alonso · Rosa Cedrón · Sonia Lebedynski · Roberto Sobrado · Xoán Curiel · Berlai (“Desconhecido”) · Alba María (“Aínda”) · Óscar Fojo (“De ventos e lúas”) · Su Garrido Pombo · Xoana (“Dardos”) · Xabier Díaz (“Músicas de salitre”) ·

// Terbutalina /

Son unha máquina divertida de garaxe-punk xurdida en Muros en 2010. Case a disco por ano, moitos concertos aquí e fóra... imprescindíbeis. Recomendariamos o último “Espabila Gallego” pero os anteriores “Al otomano se le va la mano” ou “A muerte” forxaron a sona.

// Ataque Escampe /

Son uns clásicos desde que apareceron en 2007 enarborando a bandeira do rock de serie-B. Irónicos, crípticos, retranqueiros e cheos de referencias do cool ao popular, cun himno como “Galicia es una mierda” e álbums como “Violentos anos dez” ou “O disco vermello”.

// The Homens /

Tiran máis ao power-pop e salientariamos o seu coidado polos retrousos e as melodías. Tras un par de “maquetas” entregaron os reivindicábeis “Tres” e “Cuarta potencia”.

// Familia Gaamagno /

Combinan boas críticas e directos cheos de entrega, baile e suor. “Hai que andar cos tempos!”, “Para unha vez que saímos” e “Había que intentalo” apostan por unha gravación analóxica e vintage acorde coas súas influencias dos anos 60; xa superadas, iso si.

// Oh Ayatollah! /

Desde Compostela unha das últimas bandas en chamar a atención entre o pop máis fresco. “Volve a canción protesta” é o seu único álbum, producido por Hevi. “Nihilismo entusiasta”.

// Chicharrón /

Banda de Carballo de indie poético cuxos dous últimos álbums están cantados en galego: “Postal” (16) e “Cancións Clínicas” (2018).



Falamos de pop-rock non é clasificar moito pero serve para xuntarmos as propostas máis abundosas e baseadas na electricidade das guitarras, o baixo e a batería marcando o ritmo...

//

Separémolas entre as que entran máis no indie ou alternativo e as que responden a sons máis clásicos ou reconecíbeis.

//

Vista a competencia en castelán e inglés, cantar en galego é un xeito de nos diferenciar, non si?

//



// Esposa /

Son mostra do indie intimista que vai dende o dreampop a un ruidismo máis underground. “Xardín interior”, “Belo horizonte” e “É o que hai”.

// Verto /

Apostan polo pop comercial de agora espremendo os recursos mínimos de micro e bases. Debutan con “Puro ocio” (2020) tras cancións tan efectivas como “Oie Gayego”.

// Malraio /

Disque son unha banda compostelá de “punk crepuscular, que fan bandeira do cariño e a resistencia”. “Demo” (2020).



©Nadina Gránica

POP ROCK

POP_ / ROCK II

Repasamos tendencias máis recoñecíbeis ou populares durante décadas: **rock, blues, funky, progresivo, new wave, psicodelia...**

// Heredeiros da Crus /

Comezaron no Barbanza a principios dos 90 cunhas letras e actitude festeiras na variante do galego local (gheada, seseo) no seu rexistro máis popular, chegando ás veces ao castrapo. Anos despois de repasaren o seu rock setenteiro no disco ao vivo “All Right Chicago” (2000) separáronse pero, tras o éxito dun concerto de celebración desde 2012, volven xirar e gravar: “Jard rock con fe” e “Derretidos”.

// Víctor Aneiros /

É o noso bluesman por excelencia e ten varios álbums total ou maioritariamente cantados en galego e musicando poetas do país: “Blues do Amencer” (2004), “Heroe secreto” (2008), “Brétemas da memoria” (2011), “A soidade pide copas nos bares” (2014).

// Os Amigos dos Músicos /

Conxugan a canción popular de autor das Américas coa tradición de noso. De Neil Young e Atahualpa Yupanqui a Suso Vaamaonde e Batallán, pop-rock folk artesán, cociñado a lume lento. Os nosos WilcOU teñen dous álbums notábeis: un debut homónimo e “Segundo fogar” (2019).

// A Banda da Loba /

Procuran un estilo de seu a base de combinar pop, blues, folk, rock e sons tradicionais “Bailando as rúas” e “Fábrica de luz” son os seus primeiros discos.



Sons
máis
clási-
cos

// Vudú /

O dúo de Belém Tajés e Maritxinha diferénciase por combinar letras chegadas da música tradicional galega con harmonías de soul, jazz e R&B.

// Espinho /

É o proxecto dun clásico da escena compostelá máis revival: Alfonso Espiño, que xa con Los Chavales gravara “Xa non quedan homes”.

// Marcelo Dobode /

É un pandereiteiro e vocalista que se reinventou con “Turoqua” (2019), onde leva a música de raíz ao rock, soul ou funk.

// Moura /

Acaban de presentar nun disco homónimo a súa proposta de rock progresivo con pegada galega.

// Loretta Martin /

Desde A Coruña apostaban por mesturar funky, rock e ritmos brasileiros. “Paraíso distante” (2006).

// Cuarta Xusta /

Naceu en Melide para “Berrar con música as inxustizas que nos rodean”. Autoproduciron o seu disco “Un novo despertar” en 2018.

// Factoría de Subsistencia /

Practican un rock cheo de ironía, retransa, surrealismo e teatralidade. “Cerca da túa orella” e “Amores fratricidas”.

// Guezos /

É unha banda ourensá de rock-pop-folk con composicións abertas a calquera estilo, como amosan nos sete álbums publicados desde o comezo de século e entre os que salientaríamos “O histórico latexo” ou “Zapatos novos”.

// O Cadelo Lunático /

Apostan por un son blues, de raíces americanas. “Malos tempos”.

FÁBRICA DE LUZ
A banda da Loba

© Sabala Blanco



Emilio José II

É inclasificábel, un cachondo sorprendente e crítico que fai collages sonoros disfrazado de frikismo e extravagancia. “Chorando apréndese” e “Agricultura livre” están inzados de pop clásico lo-fi, bossa nova, electrónica, hip hop, samples impensábeis ... Desde a casa borrando fronteiras e prexuízos.

Mounqup II

A cantante e compositora franco-galega Camille Hédouin autodefine este proxecto como electrónica vocal rural. “Proba de son” e “Castro Verdi”.

Pantis II

“Baldíos” (2019), “Pranto” (2016). Electrónica con toques kraut e letras intimistas.

Cinta Adhesiva II

Desde 2014, proxecto literario-musical onde texto, música e vídeo “tratan de fundirse e confundirse”.

Outras propostas II

Das Kapital II Unían electrónica, experimentación e poesía con total liberdade e provocación. “Ruido Negro” (2011), “Grecia” (13) e “Das Kapital” (15).

Projecto Mourente II É o proxecto de pop electrónico de Carlos Valcárcel. “Baixo os eucaliptos” (06), “Kara.o.ke” (08) e “A pior” (2012).

O colectivo sonoro **Safari Orquestra II** mesturaba ritmos electrónicos, soul, funk e rap. “Ben Deitei” (2010).

O dúo de pop electrónico **Fanny + Alexander II** foi pioneiro para a contemporaneización da música galega en plan DIV (Faino ti mesmo) á hora de gravar e autoeditarse. “Lusco e Fusco” (2006), “Finais dos 70s, comezos dos 80s” (07) e “Alfaias” (09), onde musican poetas do país.



Propostas
menos
habituais,
más
arriscadas
que se
(con)funden
con
estilos varios.

MÚSI _CAS urbanas, electrónica, EXPERIMEN _TACIÓN



Detrás de **Malandrómeda** e do proxecto **Fluzo** está un dos talentos máis desprexuízados do país: o Hevi. **Malandrómeda** presentouse con “Os estraños sempre traen malas novas” (2006) pero deu a sorpresa en 2016 cando editou “Cada can que lamba o seu carallo” e “Os corenta e oito nomes do inimigo”, elixidos mellor disco para a Rockdelux, algo que non acontecía cun traballo en galego desde 1990, co “Jeil” dos **Resentidos**. Acaba de compartir o EP “**Animais da feira**”.

Fluzo II

Son Javier Alvarez e Hevi que se xuntan para facer rap do futuro, nada compracente e si moi experimental e de baixo presuposto. Editaron o vinilo homónimo en 10 polgadas “**Fluzo**” (2010). Experimentan fundindo o rap da vella escola con IDM, electrónica...

Desde Compostela tamén chega o dúo **Boyanka Kostovall** unha das últimas sensacións co seu trap retranqueiro. En pouco tempo publicaron os traballos “**Vella canción galega**”, “**Nova Canción Galega**”, “**Os dous de sempre**” e divertidos videoclipos.

Laura Lamontagnell

É unha artista nova e polifacética que mestura a sensibilidade electrónica coa poesía galega. Esperamos primeiro disco.

Baiuca II

Está a arrasar coa súa achega da tradición galega á vangarda electrónica: cunchas, frautas, gaitas, voces tradicionais únense a sintetizadores, caixas de ritmo e programacións. Escóita “**Solpor**” (2018) e “**Misturas**”(19) onde se une a Xosé Lois Romero & Aliboria.

RAP hip _hop

“Dios Ke Te Crew,
en galego.
Éche o que hai,
non che mola?”

Sen dúbida o rap
merece un apartado salientábel
en calquera panorámica
da música en galego.
Trátase dunha escena moi activa,
cun dos estilos mellor acaídos
para crear con poucos medios
e dicir moito.

Se falamos de hip hop temos
que comezar por Ordes,
onde xurdiron pioneiros
como Ghamberros e 5 Talegos.
Eles darían paso
ao colectivo referente **Dios Ke Te Crew**,
cuxo álbum debut “**Xénese**” (2006)
puxo o listón moi alto.
Porén, continuaron ben arriba
con “**Humanose**”,
o maxi “**Dez**” e sobre todo o último
“**O ciclo da serpe**”. Os seus concertos
son exemplo de entrega, calidade
e multidiscipliniedade.

Hai uns anos **García MC** saíu dos DKTC para centrarse nunha traxectoria de seu. Ademais das gravacións e concertos, transmite a súa arte por colexios e institutos. No seu recopilatorio “**20 anos de palabra que anda**” (2018) repasa singles propios e colaboracións. “**Rebeldía con alegría**”.

Outro dos DKTC, **Sokram**, artista sobresáinte no grafiti, editou o recomendábel “**Chuvia ácida**” (2014).

O trío de rap combativo **Ezetaerre** formouse na Facultade de Comunicación Audiovisual da Coruña en 2015. Cun par de singles, un EP “**100**” e os discos “**Aspiracións mínimas e urxentes**” e “**Pólvora e tormenta**” pasean dentro e fóra do noso país o lema “**Dignidade, solidariedade e humildade**”.

Sondarúa apareceron en 2016 cun par de vídeos e logo gañaron o Novos Valores do Festigal con “**En galego NON mola**”. Ironía, variedade e a tradición oral popular combinadas cun hip hop reivindicativo, de crítica sociopolítica. “**SonDaRúa Classics**”, “**Liberando mentes**” e “**Eterno combate**”.

Rebeliom do Inframundo naceu en Ponteareas e, tras cambios na banda, no 2016 gañan máis atención en festivais e salas grazas ao disco “**Lume e Rebeliom**”. En 2019 continuaron co tamén autoeditado “**Illegal**”. *Caña*.

Alto Asalto desde Compostela co seu rap hiperdimensional. “**Sonos e Quimeras**” (2018) e “**Cultura humana**” (2010).

A rapeira **Aíd** alterna castelán e galego os seus discos “**Hacer lo que quiero**” (2014) e “**Jugando**” (2009), pero salientamos “**Rapoemas**” (2012), un libro-disco no que se musican os grandes clásicos da literatura galega. Nunca antes se escoitara a Rosalía ou a Curros cantados así.

Os Trasnós de Moscoso,
El Puto Coke,
Flow do Toxo, Malvares de Moscoso,
High Paw, A Rabela...



XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE.

Oito anos despois do seu segundo e fermoso disco “Coplas para Icía” (2007), o coruñés argallou este proxecto que xa conta con tres álbums que namoran público e crítica: “The Tambourine Man”, “Noró” e “As catedrais silenciadas”.

LEILÍA.

Son a banda de cantareiras-pandeireiteiras referente desde hai máis de 30 anos. Interpretacións moi respectuosas coas versións tradicionais na letra e na execución vocal. Neste século editaron “Madama”, “Son de Leilla” e “ConSentimento” con letras de poetas galegas.

FAIA.

Propón un diálogo de ida e volta co pasado en “Ao cabo leirín” (2020), producido por Hevi (Malandróneda, Fluzo), unha das sorpresas máis gratas nos últimos anos. Canto tradicional e sonoridades atemporais para interpretar un cancionero transmitido por mulleres.



Os míticos **FUXAN OS VENTOS** regresaron neste século cun par de discos, un deles ao vivo con músicos e vocalistas invitadas: “Terra de Soños” (2009).

LUAR NA LUBRE.

É a formación máis veterana en activo e talvez a máis popular fóra do noso país cando pensamos en sonoridades dos países celtas. Neste século xa pasan da ducia de álbums.

A QUENLLA.

Naceu nos 80 dunha escisión de Fuxan os Ventos coa intención de manter a temática social e reivindicativa no folk e a música popular do país. Editaron regularmente até 2014.

DOA.

É un proxecto colaborativo e intermitente inspirado na música popular e medieval galegas. Neste século editou “Arboretum” e “A fronda dos cervos”.

HABELAS HAINAS.

Son catro mulleres novas, pero experimentadas no tradi, que fan música de raíz con tintes feministas e sociais. “Livres e loucas” (2017).

TIRULEQUE.

Mestura as fontes da nosa tradición con outras influencias e sen esquecer a festa.

Tamén citarmos desde Vigo **OS CARUNCHOS** (“En galego”, “Ti que?”, “Cantares”...) e os **PELEPAU** (“Fío e agulla” e “Na beira”); e desde A Coruña os debuts de **SAMARÚAS** (“Prólogo”) e **DEQUENVESENDO** (“Canto das Xacias”).

máis TRA DI...

Galiza é unha potencia en música tradicional, de seu, propia, esa que se entende a nivel mundial como ritmos étnicos ou world-music.

Repasamos as propostas máis salientábeis, nun abano que abrangue desde as máis puristas ás máis vangardistas. Iso si, quedan fóra as que son só instrumentais.

RADIO COS.

A formación coruñesa liderada por Xurxo Fernandes e Quique Peón só publicou dous discos, pero vaía discos! “Radio Cos” (2013) e “Pasatempo” (2017).

OS D’ABAIXO.

Naceron hai unha década para acompañar as sesións de baile galego e festas tradicionais. No seu repertorio atópanse tanto pezas populares como composicións propias. En 2014 editaron “Ao vivo en Lorient” e en 2017 “Quixera ser dos paxaros”.

OS CEMPÉS.

Animadores da escena folk do país, naceron en Ferrol nos anos 90 e neste século editaron “Circo Montecuruto”, “Moe e Moa” e regresaron puntualmente con “Tentemozo”.



DAVIDE SALVADO.

Formouse como cantante e percusionista dun xeito autodidacta recollendo música tradicional, principalmente a conservada por mulleres. Formou parte da Ecléctica Ensemble, da banda de Budiño, da das Crechas e ten dous discos: “Arnica Pura” e “Lobos”.

QUEMPALLOU.

Existiron de 1999 a 2016 con media ducia de discos, como “Estremonias”, “Polo aire”, “Vellas novas” ou “Quarteirón”.

© Pixelln Photo



© Carlos Abal Lobato



...ou menos TRA _DI

**Artistas que revitalizan
a tradición e o folclore
para actualizalos
ou achegalos a outras
sonoridades e correntes.**

Mercedes Peón.

É unha voz que estremece, gaiteira, pandeireteira, fedella da electrónica, inconformista, experimentadora... e talvez a nosa artista máis internacional e recoñecida pola crítica. Desde “Isué” (2000) até “Déixaas” (2018), varios traballos sempre interesantes que nos levan do folk até o techno industrial pasando por ritmos étnicos varios: “Ajrú”, “Sihá”, “Sós”. Acompañou os Diplomáticos nun clásico: “Nordés”.

Xosé Lois Romero & Aliboria.

Xa se colocaron entre o máis sorprendente dos últimos anos con só dous discos, un homónimo con adaptacións de pezas tradicionais e un segundo, “Latexo”, con maioría de composicións dun dos nosos multiinstrumentistas de referencia (Nova Galega de Danza, aCadaCanto, Fuxan os Ventos, Azougue...). Máis tribal que tradicional, unha conxunción irresistible de voces femininas e unha morea de percusións.



Caxade.

É o proxecto de indie-folk de Alonso Caxade (Cuarteto Caramuxo, Orquestra Os Modernos...) desde o 2012, cando se deu a coñecer con algunhas videoocreacións. Fixo moitísimos concertos co disco “A Dança das Moscas”, gravouno despois ao vivo coa Banda de Música da Bandeira e continuou con “Isto é o amor” en 2016. Foi quen de chegar a públicos ben diferentes.

Tanxugueiras.

Son a última sensación do “tradi” galego. Tres cantareiras e pandeireteiras que, malia a súa xuventude, coñecen as raíces e as anovan con convicción e influencias da música actual. “Tanxugueiras” e “Contrapunto” son dous discos igual de interesantes. Pero ben diferentes en sonoridade.

Berrogüetto.

Son o nome imprescindible da nosa historia musical desde que editaron “Navicularia” en 1996. Neste século editaron “Hepta”, “10.0” e “Kosmogonías”, que aínda que son maioritariamente instrumentais conteñen cancións fermosas cantadas primeiro por Guadi Galego e despois por Xabier Díaz. Os músicos da banda seguen a participar noutros proxectos: Talabarte, Os D’Abaixo, Uxía, SondeSeu, DeVacas...

Nova Galega de Danza.

Editou varios discos coas músicas que acompañaban os espectáculos “Alento”, “Engado” ou “Tradición”.

Cristian Silva.

É un polifacético produtor, multiinstrumentista e músico que reflectiu influencias de rock, flamenco ou electrónica en “Ego” (2015).

Faltriqueira.

Cuarteto vocal feminino nado en Pontedeume, debutou con disco en 2002. Catro anos despois amosarían efectos polifónicos máis arriscados en “Effecto Faltriqueira”.

Linho de Cuco.

Desde Lalín levan a música do país ao son poderoso dunha orquestrina paneuropea: bombo, tambor, pandeiretas, gaita, acordeón, zanfona, oboe, frauta...



© Alberto Pereira - Trece Amarillo

© Koán Piñón

Zënzar /

Convertéronse nos “padriños” do noso rock duro desde o seu debut “Disparados ó futuro” (1997) até o recentísimo “Benvidas ao futuro”. Entre eles resistiron con media ducia de álbums onde reivindicaron a lingua e cultura propias e denuncian abusos e o desleixo das institucións: “Todo vai ben”, “Rockanrol”, “Sigue... e dálle”, “A tribu”, “Vaise armar”, “Camiñando entre serpes”.

Ruxe Ruxe /

Son outros veteranos do rock, que tinguen de punk ou ska. Acaban de editar o seu duodécimo disco en trinta anos e un dos mellores: “O estraño falar dun monstro da aldea” (2020). Antes del, “Non temos medo”, “A terra dos comentos”, “Fervendo”, “Comercial”, “Xigantes”, “Na fura de diante”, “Máis cancións sobre toxos, cardos e silveiras”, “Némesis”, “Un mundo perfecto”, “20 segundos”.

Nao /

Naceron na Estrada arredor do 2005 e, tras catro álbums e tres EPs, deixárono no 2019.

Machina /

Son grande expoñente do noso mellor metal e hardcore. Desde Cerceda, en activo desde o 2002. “Post-Bravú” e “Ensaio sobre o silencio”.

Skacha /

Practican punk-rock, naceron en Vigo en 1991, disolvéronse en 2011 e volven agora sen renunciar á denuncia social.

The Brosas /

Fan un punk-rock impecábel. Proba o disco homónimo de 2013 ou “A terra nos olhos” (2018).

Grilo /

Mesturan hardrock, stoner e grunge. Nun par de singles e o LP “Dálle lume” alternan letras críticas con outras persoais ou intimistas.

Martelo /

É o poderoso trío de rock metaleiro onde canta un dos mellores e máis activos baixistas do país: Xacobe Martínez Antelo.



Ith. “Forte” (2015) e “O mínimo que o contén todo” (2018). Reivindicación, sentimento e emoción.

Broa. Tamén da canteira de Cerceda, vén de debutar con “Cucú”, onde conviven desde o stoner ou new-metal até punk e hardcore.

Keltoi! Banda galega de oil nada en Vigo en 1995, publicou “A nosa cinza” ou “Sons da rúa”.

Esquíos. Facían punk, rock e garaxe desde A Estrada, tanto en galego como en castelán.

O Leo i Arremecághona. É o alter-ego de cantautor punk que se agocha tras do filólogo e poeta Leonardo Fernández Campos.

A banda punk de Ferrol-Narón **Retobato** autoeditou “Cousas que cheiran” e “Greatest Shits”.

Skarnio. Era un colectivo político-musical saído do barrio vigués do Calvario. Ska para o independentismo galego, a lingua ou a loita obreira. “Arredista” (2002) e “O noso camiño” (2008).

Desequilibrio Mental. Presentaron o seu metal tirando a punk en 2011 con “Con Q sin U” ao que seguiu “Séculos escuros”.

▲
Apunta
máis
nomes:



Se isto
non se
amaña,

CAÑA, CAÑA,
CAÑA. LETRAS
COMPROMETIDAS

e sons **DU**
ROS

“Cantas cancións quedan por cantar? /
Cantos contos quedan por contar? /
Cantos muros quedan por saltar? /
Cantas cancelas aínda nos quedan por tirar? /
Só quero escoitar cancións ceibes
para o corazón.”
“Cancións ceibes”, Ruxe Ruxe

Houbo un momento
no que cantar en galego era cousa
da música tradicional ou do rock máis
contundente e reivindicativo. A situación
de lingua minorizada ou desprestixiada
é un motivo de loita, e o seu
emprego un posicionamento claro.
Soando a punk, rock duro, metal, heavy...
as letras caracterízanse
polo compromiso político e a crítica social.

mesti ZAXE / RITMOS do mundo

_Lamatumbá

Naceron en Ourense en 1998 coa festa e a verbena na mente e o corpo. Foron unha das nosas bandas máis populares grazas aos seus concertos divertidos e o moi recomendábel disco **"Lume (para que saia o sol)"** (2005), que contiña o himno **"Licor café"**. Tras unha escisión que daría lugar a O Sonoro Maxín aínda editaron **"Paraugas universal"** (2008) e **"A órbita da banda hipnótica"** (2010). O conto morreu en 2012.

Tamén desde Ourense chegan **_O_Sonoro_Maxín**, con músicos antes en Lamatumbá ou Cinnamon Gum, e uns discos cheos de ritmos populares tropicais, latinos e do país. **"A onda sonora (chega do interior)"** (2012) e **"SE7EDEZASE7E"** (2017).

_Banda_Crebinsky

Agrupou músicos de sobrada formación e traxectoria para a banda sonora do filme **"Crebinsky"**. Continuaron con dous álbums máis, **"Jet Lag"** e **"Zirkus Afe"**, ao tempo que a banda se reestrutura e diversifica.

_Lydia_Botana_"Bolboreta"

É unha multiinstrumentista de Culleredo que toca con abondas artistas polo mundo adiante. Editou **"Vuelo"** en 2018, pero antes xa gravara o libro-disco infantil **"De aquí para alá"**. Fusióna con optimismo xéneros musicais e idiomas para falar do mundo que nos rodea, de inxustizas e utopías.

_Los_Jinetes_del_Trópico

Móvense con desenfado nas tendencias actuais de ritmos latinos e electrónica. **"Cabalgando pola ría"** (2020).

Bandas que nos levan de viaxe interpretando non só os máis habituais pop e rock senón tamén ritmos xurdidos noutras partes do mundo: *ska, funk, disco, cumbia, reggae, kletzmer...* Baile e festa sen esquecer a conciencia e o compromiso. Neste caso, viva a globalización!



© Alberto Lora



© Carlos Abal Lobato

_Dakidarría

Comezaron en castelán, pasaron ao galego e xa cantan en varias linguas, sempre cuestionando o capitalismo, a globalización, o consumismo e a alienación. Entre os seus discos de ska, reggae, punk-rock, **"Realidades alienantes"**, **"De cuncas e mar"**, **"Utopías emerxentes"**...

_A_Companhia_do_Ruido

Son outra formación veterana que combina estilos con irreverencia, festa e retranca. Ten publicados máis de media ducia de discos onde propoñen diversión para a taberna ou a rúa, sempre falando desde o pobo e contra os abusos.

_Sacha_na_Horta

Gañaron o concurso **Apologhit** da canción galega do verán en 2007 con **"Biocultivos"**. En **"Temos moito por sarchar"** e **"Horta Revolution"** atopamos mostras da súa "agropunkchanga" como o éxito **"Busco amante galegofalante"**.

_Banda_Xangai

Está formada por músicos que militaron en bandas do Bravú e posteriores. Aquí recuperan "éxitos" desas e outras bandas para montaren festa desde o torreiro. Colle prestado o alcume do tren que durante décadas uniu Galicia e Cataluña.

_Som_do_Galpom

Chamaron a atención en concursos como GZcrea, Foundation Reggae Festival ou Nsaino no Camiño co seu rap "orgánico", sen compoñente electrónico, e un violín característico. En 2009 publicaron **"Em terra de ninguém"** e en 2013 **"A galinha de Troya"**.



Na primeira década de século,
_A_Matraca_Perversa
(**"Mass Circus Media"** e **"Evolucionários"**)

e **_GalegoZ**
(**"Galician Chimpanzee"**, **"Revolution Dance"**
e **"Viñeron da Galiza Interior"**).

Antes estivera a pioneira **_Xenreira**,
desaparecida en 1999.

infantil E FAMILIAR

“A María Fumaça
eu quero subir,
cantar e bailar
para ser máis feliz”

Aquí somos unha potencia,
con abondos proxectos
compostos ou ideados
por músicos e profesionais
da educación. Nivel musical
notábel, estilos diversos,
letras divertidas e sensíbeis,
en libro-discos presentados con
agarimo por editoras como BQO,
Kalandraka, Galaxia, Fol Música...

María Fumaça //

Naceu como un agasallo de Nadal da cantante Uxía ao seu afillado Rui. Agora é toda unha familia de músicos profesionais e amateurs que grava discos estupendos e namora familias enteiras coidando os valores positivos e a empatía. “O peixe de Manola” é todo un éxito, así como os álbums “Cantar e bailar para ser máis feliz” ou “O veleiro verde”.

Magín Blanco //

Era un músico de pop e rock que acadou por fin o recoñecemento cando engaiolou o público infantil dun xeito sensíbel e natural. As catro edicións de “A nena e o grilo”, “Gatuxo”, “Camiños” ou “Canta o cuco” (con Uxía) son os seus libros CD.

Mamá Cabra //

Comezou no 2000 e xa leva oito discos cuxas cancións locen en espectáculos moi participativos e divertidos. “Deveribés” é unha recompilación ben recomendábel.

Pablo Díaz //

Músico e estudoso do baile e a música tradicional, publicou desde 2010 “Tic Tac”, “Toc Toc”, “Tic Tac Toc” ou “Coas miñas mans”.

A Gramola Gominola //

Son realmente unha banda de rock and roll en galego para público infantil. Naceu no ano 2015 e xa teñen tres libros CD.

Paco Nogueiras //

É un dos artistas máis carismáticos da escena infantil cos seus discos “Brinca Vai!” e “Radio BuleBule”.



Pakolas //

Un dos guitarristas de RuxeRuxe, Paco Cerdeira, achegouse tamén ao público cativo, que tan ben coñece por participar en Mamá Cabra ou A Gramola Gominola.

A Comuna Del Barruzo //(con Ugia Pedreira e Pierrot Rougier)

Canta no dialecto da zona Eo-Navia, aos seus lugares, patrimonio e cultura.



Apunta máis discos //

“Non hai berce coma o colo” é un libro-disco de arrolos tradicionais recreados por intérpretes do máis destacado.

Xabier Díaz e Guillermo Fernández e convidadas //

Gravaron arrolos novos e tradicionais en “Arrolos de salitre”.

Uxía // “Rosalía pequeniña” con poemas de Rosalía de Castro máis acaídos para a rapazada.

Xoan Curiel // “Estamos no verán”, “Canta, miña pedra, canta”, “A casa do terror”.

Acompañando un conto da popular familia, **Os bolechas fan unha banda //** presenta un feixe de

cancións ex professo de Novedades Carminha, Eladio y los Seres Queridos, Sés, AID, Pandeïromus, O Sonoro Maxín, Ataque Escampe, Transilvanians, The Homens e Álex Casanova.

Golfiños // “Té, chocolate e café”.

Pirilampo // “Teatro de guiñol”...



No que vai de século editáronse discos recompilatorios cos que repasarmos a escena e atoparmos moitas cancións na nosa lingua, sexan temas orixinais ou versións dunha banda homenaxeada.

“A cantar con Xabarán Vol. VI e VII”_(2004)

O programa da TVG fixo máis que ninguén por normalizar as cancións en galego para a rapazada.

“Manifesto dobarrista”_(2007)

Reúne 30 grupos do panorama musical galego, principalmente de pop e rock. Constitúe a primeira homenaxe desta envergadura ao ferrolán Andrés do Barro, que foi número 1 con varias cancións e aínda nos tempos da ditadura.

“120 capadores homenaxe aos Diplomáticos”_(2007)

Uns anos despois da súa escisión, até 21 grupos de diversos estilos reivindicán a banda do Monte Alto.

“A tribo toda baila”_(2012)

É un CD duplo: un grandes éxitos dos Resentidos e os mesmos títulos versionados por outras artistas.

“Vai polos padriños, tributo aos 25 anos de Zēnzar”_(2012)

A veterana formación de Cerceda homenaxeada por bandas tamén duras.

XUNTAS e RE VOLUTAS



“Doutor Apertas. Tributo a Magín Blanco”_(2012)

Artistas de aquí e de fóra versionan cancións do músico da Rúa, en galego e en castelán.

“Vozes Novas”

Foi unha escolma do panorama musical de 2009 con 15 temas inéditos editada polo xornal Novas de Galiza e Komunikando.net.

“A Per Loca”_(2006)

É o nome dunha calzada romana e tamén dunha compilación apoiada polo portal Komunikando.net para divulgar até 25 bandas, case todas do país.

“Disco Billarda”_(2011)

Reúne cancións inspiradas neste xogo popular a cargo dun feixe de bandas.

Nos tres volumes de “Galician Bizarre”, recompilatorios de corte alternativo ou underground, atopamos varias bandas que se expresan en galego.

HUMOR

tampouco falta nas
CANCÍONS
en GALEGO

“De Vacas”_Tres vocalistas estupendas doutros proxectos

(Faia, O Coro da Ra, Coro Encaixe) e o versátil guitarrista Guillermo Fernández (Berrogüetto, Guadi Galego) recrean éxitos internacionais en galego.

“Os da Ría”_Son os reis do galegueiro, do hiperenxebrismo na canción lixeira. “Disco discolor” e “O disco póstumo” son pura coña.

Cada vídeo de **“Páramo Pictures”** é un éxito viral polas súas divertidas adaptacións ao galego de éxitos comerciais.

“Monoulous Dop”_Argallan cancións pegadizas coa coña coma bandeira e o rock como etiqueta ampla.

“Fillos do Estramonio”_Versionan temas moi coñecidos do rock con letras divertidas en galego. “Rock&risa” (2020).


“Medomedá”_...




singu- lares ÁS \ \ VECES

Eis unha escolma de **discos singulares, experimentos ou proxectos paralelos** das nosas artistas.

© Misha Bles Golas, Ecléctica, afofque



© Pablo Giráldez "O Pastor"



“Se non che chega este mundo, faite astronauta” Ugia Pedreira

Aínda que habitualmente se expresen noutra lingua, non son poucas as artistas que de cando en vez se animan a cantaren en **galego**.

A banda viguesa **Eladio y los Seres Queridos** emprega o castelán aínda que teña algún tema en galego como “Non quero perderte”. Iso si, en 2016 publicaron case artesanalmente “Cantares”, un disco exitoso de versións de cancións galegas que coñeceran na súa infancia.

Nos concertos do coruñés **Xoel López** por toda a Península “A serea e o mariñeiro” ou “Serpes” son temas moi celebrados. Tamén “Durme”.

A banda de ritmos caribeños **Transilvanians** combinan galego, castelán e inglés no seu repertorio: “Soños”, “Cadaquén”. O neo-soul de **Nastasia Zürcher** en “Voar” e “Espertos”; a cantautora **Silvia Penide** “Sen dúbida”, “Outro día que chega”; o hip-hop e soul de **Wöyza**; o pop electrónico de **Alex Casanova** (“Xeado de limón”), **Novedades Carminha**, **Sabela** (“Despedida”), **Ortiga** (“Acostumbrao”), **Siniestro Total** (“Quen me dera na casinha”), **Triángulo de Amor Bizarro** (“A cantiga de Juan C”, “Vixiantes Do Espello”).

//Ecléctica Ensemble

Xurdiu no Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín. En “Electronic Galician Grooves” (2008) conviven con forza e delicadeza a electrónica e os instrumentos tradicionais, as letras suxestivas e os ritmos do país.

//Labregos nos Tempos dos Sputniks

Era a unión do punki O Leo i Arremecághona co rapeiro García MC e, máis adiante, a multiinstrumentista Lydia Botana. Poesía, reivindicación, retrans que pasearon durante unha década e finalmente rexistraron nun álbum homónimo.

Antes da carreira en solitario que hoxe coñecemos, **Guadi Galego** gravou co guitarrista **Guillermo Fernández** unha fermosura de disco acústico:

“**Espido**” (2005). Deron centos de concertos dentro e fóra da Galiza, antes e após Berroguetto, banda onde se coñeceron. Nunha liña semellante temos “**aCadaCanto**” (2011), onde fixeron alquimia con Xosé Lois Romero e Xabier Díaz.

Con “**Acrobata**” (2011), a mariñá **Ugia Pedreira** e o brasileiro **Fred Martins** deixaron outro exemplo fermoso de voces e guitarra en acústico.

O brasileiro **Sérgio Tannus** hai anos que forma parte na nosa escena musical. No disco “**Son Brasileño**” (2012) acompáñase de dúcias de artistas galegos e portugueses nun exemplo de eclecticismo e convivencia lusófona.

//**Marful** Deixaron dous álbums tan exquisitos como pouco compracentes. Con letras actuais asinadas por **Ugia Pedreira** reivindicaban músicas dos salóns de bailes dos anos 30 e 40, as jazz-band e a fusión coa música folk. Volveron para un concerto soberbio no Culturгал 2019 grazas a que **Sabela** recuperou na final de Operación Triunfo o seu “Tris-Tras”.

//**Nordestinas** (2006) Xuntou dúas das nosas mellores voces (**Ugia Pedreira** e **Guadi Galego**) co pianista exquisito de jazz **Abe Rábade**. No Teatro Principal de Compostela gravaron o seu disco homónimo, unha mostra única da comunión do jazz coas cancións que cheiran a mar.

//**Benzón** (2009) De **Guadi Galego** é un disco coral no que participan infinidade de músicas do país para aglutinaren pop, jazz e tradi.

“**Cuba-Galiza. Descarga ao vivo**” Xuntou músicos galegos e cubanos cun resultado espectacular que quedou rexistrado en CD+DVD. (2009).

O actor e titiriteiro “**Tatán**” gravou un disco que supera o anecdótico e ocupa un lugar baleiro: o crooner bohemio e teatral. “**Chapeu**” (2015).

Orquestra Os Modernos “Dissimulem!” (2016), **Orquestra Jazz de Galicia** “Fame” (2016), o speed-folk de **Ulträqäns...**

CON CLU- SIÓN E-RE CURSOS

Viches???

Agora tócache a ti
achegarte ás cancións
en galego, a compartilas,
e... por que non?
Faceres as túas propias!!!



Mais non deixes de estar ao día e seguir descubrindo. Existen diferentes lugares onde sabermos das nosas artistas. Desde medios especializados a asociacións, atopamos proxectos orixinais e con moito entusiasmo por divulgaren o que se canta no noso idioma. E tamén está a radio-televisión pública, a CRTVG.

E non podemos deixar de mencionar proxectos pasados: o selo discográfico **Falcatruada**; o concurso de canción de verán **Apologhit** de Vieiros e a Radio Galega; a plataforma dixital **A Regueifa**; a revista en liña **Sono-Tone**; o programa **Emerxentes** en VozTV e non moitos programas na Radiotelevisión de Galicia ou en Radio Galega Música. Até tivemos un par de **galeokes**; si, karaokes con cancións en galego.

**“Cancións ceibes
para o corazón”**
(Ruxe-Ruxe)

Ábrete de
Orejas

Músicas ao Vivo

As músicas do país asociáronse para conseguiren mellores condicións á hora de crear, presentar e dignificar a profesión de músico. Ademais, argallaron os **Premios Martín Códax**.

GZ Música

É o portal multimedia nas músicas en galego. Discos, vídeos, crónicas...

Músicas Galegas Ilustradas

Debuxa todas as nosas cantantes e músicas.

Ábrete de Orelas

Naceu como programa de radio a finais dos anos 90 e creceu coa chegada da Internet para falar das músicas e concertos no país. O noso convive co de fóra, sen complexos.

Komunikando.net

Resiste como un punto de encontro na música galega non subvencionada.

Galeguíza-t

É unha lista de reprodución na plataforma Spotify creada por alumnado de institutos.

Clubtura

Asociación galega de salas de música ao vivo ofrece a súa axenda dos concertos.

Galician Tunes

Plataforma conxunta das institucións, empresas e asociacións profesionais para a promoción internacional da música galega.


Rede Galega de Música ao Vivo

Englóbase na **Galescena** coas salas, teatros e auditorios do país.

A web **Ghastas Pista?** fálanos sobre todo de música tradicional, e tamén están o blog **Música en galego**, a sección **Cántamo en Galego** na emisora **Onda Cero** de Pontevedra...



COMO soa
o **SÉCULO XXI**
en **PONTE**
VEDRA



Teresa Cuñas

COMO _SOA ▶ O _SÉCULO

Música. Cantas cousas caben nunha palabra. Se estás aquí seguro que é porque as cancións son importantes para ti e porque a banda sonora da túa vida é un dos teus tesouros. **Momentos, persoas, sensacións.**

Que pasada esta melodía, abráiaste con esa letra que describía e-xac-ta-men-te o que che pasaba, como presta a xente que coñeciches naquel concerto! E se foses ti quen sobe ao palco, quen grava un disco, quen fala das cousas que lle pasan? Por que non?

A arte é a maior extensión de liberdade que existe e só precisas ser quen es.

Sendo ti, non haberá ninguén igual. Viches que monte de xente canta en galego? Todos eses grupos, tanta variedade de estilos... e o que teñen en común é que son orixinais, abofé, porque manteñen a súa identidade. Olla agora ao teu redor e verás canta música en galego soa en Pontevedra.

Teresa Cuñas

A MÚ- SICA tróuxote ata AQUÍ



©Estudio Bonobo MUSHU (Ana)



©Estudio Bonobo HAKU (Arturo baixo, João batería)



©Estudio Bonobo REBEL SPIRITS (Andrea)

XXI en PONTE- _VEDRA

En galego é como estamos no mundo e é o idioma que nos vencella á cultura irmá lusófona. O Festival Cantos na Mare, baixo a dirección da compositora Uxía Senlle, festexou esa unión durante 15 anos en Pontevedra. Na edición de 2019, o certame ergueu palcos por toda a cidade e ampliou a oferta de actividades de balde para o público.

A música é unha das protagonistas da Feira das Industrias Culturais de Galicia, Culturalgal, cuxa sede é o recinto feiral de Pontevedra. Leva 13 edicións reunindo uns 15.000 asistentes nun grande escaparate das novidades na produción literaria, audiovisual, escénica, plástica, interactiva e musical do país e unha programación para todas as idades.

O noso Salón do Libro Infantil e Xuvenil leva máis de vinte anos apostando pola creación en galego. A nosa lingua é o vehículo principal de expresión deste acontecemento construído ao redor da literatura e no que nunca falta a música. Ben sexa nos espectáculos, ben a través das propostas formativas para a infancia, a mocidade e os adultos, sempre soa algo nalgún lugar do Pazo da Cultura de Pontevedra.



©Rubén Martínez



©Alba Botello

Esce- nario PONTE- _VEDRA



©Culturalgal

O
SAL
ÓN



C<<
nM
cantosnamare

COMO _SOA ▶ O _SÉCULO

XXI en PONTE _VEDRA

Gale- gote RØCK

Velaí o tes. Un festival de música actual, cheo de xente nova e **100% en galego**. É o noso **Galegote Rock** e faise en Pontevedra desde **2012**. O apelido Rock que non te confunda, as etiquetas neste festi saltan polos aires. **Hai de todo!** Ano tras ano, e van oito, o cartel de bandas galegas trouxo o melloríño do país a tocar aos **locais, prazas, rúas** e **xardíns** da cidade. E mesmo teñen participado **bandas portuguesas**. A programación do **Galegote Rock** é única e de balde para o público.



Asistir ao **Surfing The Lérez** xa é un costume tan pontevedrés como darlles de comer ás pombas na praza da Ferraría. Este festival que vai facer unha década teno todo: as **bandas do momento**, unha **localización de luxo** e un **propósito solidario**.

Surfing THE LÉ- REZ

Polo escenario da **Illa do Covo** pasan grupos galegos, convidados de todo o Estado e nomes internacionais a carón dos proxectos do alumnado da Escola de Artes Estudo Bonobo. O pase para gozar desta experiencia de música ao vivo en plena natureza é unha achega de alimentos non perecedoiros para Redeaxuda Pontevedra. Ten tanta personalidade que, de 0 a 99 anos, non hai quen se resista a lucir unha camisa hawaiana para a ocasión. **É a nosa romaría rock!**



COMO _SOA ▶ O _SÉCULO

Cabos SOL- TOS

Hai moita vida alén dos festivais e dos eventos especiais. O cotián é o que de verdade tece os fíos que conectan o público co mundo da arte. Ademais das súas programacións particulares, as salas de concertos e os locais de hostalería da cidade dan acubillo á escena emerxente de Pontevedra no ciclo **Cabos Soltos**.

Este programa municipal de concertos, obradoiros e xornadas, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, naceu da sinerxía entre distintas concellarías ao igual que iniciativas como **Sétima Feira**, **Quince Bolos**, **Artistas na Rúa**, **Pontevedra Ten Un Puntazo**, entre outras, todas elas destinadas a impulsar a efervescencia creativa de base con selo pontevedrés.



© Belén Veleiro



© Belén Veleiro



XXI en PONTE- VEDRA

Xeración Sónica é un programa municipal para titorizar proxectos de integrantes con idades comprendidas entre os 13 e os 16 anos que vai pola súa segunda edición e que xa publicou o seu primeiro disco con oito referencias musicais de catro grupos. Ademais, nove empresas locais amadriñaron a edición do traballo e farán posible a gravación dos seus videoclips. As seis primeiras bandas desta incubadora en que están implicados o **Estudo Bonobo**, o **Local de Música** e a **Concellería de Xuventude** xa tocaron no **Galegote Rock**, no **Surfing The Lérez** e mais no **Culturgal** e tres delas están moi preto de gravar as súas propias maquetas. **Pide paso!**

Xeración ▶ SÓ- NICA

A estirpe anterior á Sónica é a do **Rocklab**, un obradoiro municipal para tomar contacto coa música destinado á rapazada ata 12 anos. **Voces Ocultas**, participada por persoas con diversidade sensorial e funcional coa colaboración das asociacións Amencer-Aspace, Down Pontevedra e Amizade, é outra acción pública para facer canteira.



© Estudo Bonobo
REBEL SPIRITS (Andrea Vieira, Andrea Novoa e Raicho)

ALAN (Diego, Isaac e Solas)
© Estudo Bonobo



© Estudo Bonobo
FROALLA (César, Nee, Iria e Noa)

COMO _SOA▶O_SÉCULO

XXI en PONTE _VEDRA

● Local de MÚ- SICA-

Si, isto vai por ti.
Podes formar parte.
Na música en galego
hai unha oportunidade
para ti!

Pásate polo Local de Música. É un centro sociocultural público xestionado desde a Concellería de Xuventude do Concello de Pontevedra onde podes ensaiar, formarte, autogravarte, reunirte, deseñar proxectos, coñecer xente e tocar, porque tamén organizan bolos. Algunhas das bandas presentes en eventos que se celebran na nosa cidade están vencelladas ao Local.

Para acceder aos seus servizos, gratuítos, só cómpren tres requisitos: ser maior de 16 anos, que polo menos unha persoa do proxecto estea empadroadada en Pontevedra e unha utilización responsable de instalacións e material porque son de uso colectivo. Consulta co persoal do Local de Música, queren escoitarte.




© Local de Música



© Local de Música



© Local de Música





© Local de Música



UNIDADE DIDÁCTICA

CAN
TÁ *mola*
GALE *en*
GO



Rosalía Fernández Rial



INTRODUCCIÓN: arranca a travesía!

“A nosa lingua é parte intrínseca
da nosa cultura, da nosa identidade como pobo”
Pepe Cunha

“Coro faise o meu cantar
ao saberme secundada”
Sés

A ti, si, a ti; que te define como persoa? Como es realmente? A túa vestimenta, peiteado ou modo de falar dan conta de quen es? Seméllaste á túa imaxe do Instagram? E a nós? Hai algo que nos identifique como colectivo? Quen somos?

Está ben. Comezarei por min, polas intencións que oculto, para que vos atrevades a compartir os vosos pensamentos e accións comigo e, sobre todo, con vós mesmas. Eu son a voz que soa na túa cabeza mentres les. O elo entre vós e os paneis; entre a contemplación desta exposición e a participación activa da súa interpretación.

Normalmente as profes chámanme “Unidade Didáctica”. Pero hoxe con vós pretendo ir máis alá. Quero ser a Máster dun xogo de rol real, a MC, Mestra de Cerimonias, dun ritual rapeado por vós. A directora do teu cantar, que se fai coro coas compañeiras que te rodean. Mais non para dirixir. Só pretendo mostrar un camiño que construíras ti, tal e como es.

Por iso precisamente empecei apelando á túa “identidade” e “estilo”. Dous termos sobre os que me gustaría que poidades debater coa vosa profesora. Primeiro pensade en vós de forma individual; cal é o voso estilo e que vos identifica. Logo invítovos a facer o mesmo como grupo, mais tamén como comunidade. Pode ser a lingua un dos signos máis importantes de identidade —tal e como se comenta ao comezo da exposición e na cita que recollín ao comezo—? Sodes quen de discutir sobre os interrogantes iniciais e chegar a algúns acordos? Seguro que si!

Unha vez que o fagades, propóñovos ampliar a vosa argumentación ao ámbito das artes, con especial atención á música. Que estilos coñeces no eido das artes? E en concreto na música? Que importancia pensas que pode ter para un artista atopar o seu propio **estilo**, co que se sinta **identificado** e co que os demais o **identifiquen**? Cales son os **estilos** artísticos e musicais que che gustan? Con cales te sentes máis identificado? Pensas que algún deses estilos levan asociadas unha maneira de vestir ou incluso de comportarse, de falar e de estar no mundo?

Despois de reflexionar sobre todo isto coa mellor capitá posible, a vosa profe, invítovos a compartir unha viaxe a través de diferentes estilos musicais que rematará na Ítaca Utópica de procurar un **estilo propio** e certos trazos de identidade individual e colectiva ás que amarrarnos ante a ameaza de naufraxio. Atrévete!
Facemos realidade os versos de Xohana Torres? “Nós tamén navegar”.
Por que non? Nós tamén navegar!

1. TRACK UN. METODOLOXÍA

Neste punto dareivos conta do meu **estilo** como Unidade Didáctica, como ponte entre os paneis da exposición e a túa acción. Todo o que traballan os vosos profes para achegarvos as actividades ou as explicacións dun determinado modo nas aulas é o que se chama a “metodoloxía” e é o que máis identifica a maneira en que estas se desenvolven.

Como elo entre a exposición e vós direivos que coido moito cada detalle do meu método. Este é o que me define, o meu xeito de ser e de estar ante vós. Seguro que queredes saber máis deste vehículo no que emprenderedes a viaxe, non si? A vosa profesora ou profesor axudaravos a descifrar os enigmas da metodoloxía que son.

O que me define é que emprego a **expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas** para ensinar e aprender linguas e literatura, mais tamén para transmitir os contidos dos paneis, aos que chegaremos divertíndonos e expresándonos de forma verbal e non verbal. De feito, o noso propósito é, precisamente, contribuir a mellorar a **competencia comunicativa, literaria, intercultural e plurilingüe**, entre outras moitas que están implicadas nas accións que xuntos desenvolveremos. Asemade, a cooperación e a aprendizaxe significativa, global e integral serán os que marcarán o rumbo da nosa singradura.

En resumo, a nosa intención é que vós sexades os protagonistas da vosa propia aprendizaxe e que poidades empregar todos os recursos comunicativos e creativos dos que dispoñedes para construír un proxecto común no que o máis importante, como na Ítaca poetizada por Kavafis é a propia viaxe; o proceso de aprendizaxe compartida.

2. TRACK DOUS. ESCALAS PREVIAS

En relación coa pista anterior, pois a organización das actividades tamén forma parte da metodoloxía, contareivos brevemente como imos distribuír o traballo que realizaremos:

- a) **INVESTIGACIÓN:** calquera exploradora, artista ou viaxeira, ha de realizar un traballo previo de indagación antes de comezar a súa aventura. Esta parte mostrarase nunha exposición oral moi breve sobre o estilo que se lle asignou a cada grupo ao lado do panel pertinente. O ideal é que a persoa ou persoas ás que non vos apeteza participar na acción escénica de carácter máis teatral ou performántico poidades levar o peso desta introdución teórica.
- b) **ACCIÓN:** as persoas que vos centredes na dimensión máis creativa debedes colaborar tamén na investigación previa. Pero o ideal é que no momento da presentación oral ante o público desa parte expositiva introdutoria vos ocultedes tras o panel. Resulta interesante que non se vos vexa e que aparezaes por sorpresa cando realicedes a vosa intervención. Tamén para respectar os tempos e a atmosfera do “ritual” teatral.
Por outra banda, cómpre sinalar neste punto que a nosa proposta, sempre flexible ás vosas inquiredanzas, é que cada grupo se ocupe dun dos estilos musicais dos paneis, dos cales propoñeremos a continuación unha selección.

En síntese, aínda que a continuación outorgaremos máis detalles, adiantamos agora que os e as participantes ides dividirvos en grupos diferentes dependendo do estilo musical elixido. Investigaredes sobre este e, logo, unhas poucas persoas explicarán un resumo do indagado ante o panel pertinente. A continuación, a outra parte do equipo sairá a realizar a performance, que pasaremos a detallar a continuación, tanto a nivel xeral como con exemplos específicos referidos a cada estilo.

3. TRACK TRES. O PORTO CENTRAL

... e, así, navegando, chegamos a un dos portos máis importantes desta travesía: o que nos explicará como se van desenvolver o conxunto das cinco intervencións. A nosa proposta inicial é que a presentación do produto final dea conta dos seguintes estilos: o tradicional; o rap e a súa cultura hip hop; o heavy; o infantil-familiar e a electrónica xunto coa experimentación.

Dese xeito, dividiremonos en cinco grupos ou equipos e, cada un deles, deberá, como adiantamos, realizar unha investigación previa e expoñela nunha explicación inicial ante o panel e, logo, aplicala de forma artística nunha performance. Para esa presentación escénica, veremos que imos seguir todos os conxuntos unha serie de referentes que nos axudarán a organizarnos mellor:

a) **Signos externos:** na nosa investigación previa é importante que nos fixemos na estética de cada un dos estilos porque teremos que aplicalos durante a actuación. Así, empregaremos unha **VESTIMENTA** e **PEITADO** ou complementos, así como un **OBXECTO** que actuarán como signos do estilo que nos foi asignado. Logo poñeremos algún exemplo de cada un dos estilos escollidos, mais con toda a apertura e posibilidade de cambio que o voso equipo, xunto co profesorado, consideredes.

b) **Expresión:** resulta imprescindible tamén que durante a indagación reparemos no xeito de moverse e comportarse das persoas que seguen ese estilo musical. Seranos de grande axuda, así, ver diferentes videoclips dos grupos que aparecen nos paneis ou algún documental para analizar ese factor.

Unha vez que nos informemos, cómpre ensaiar a **expresión non verbal** individual e grupal coherentes co estilo asignado. Isto afectará ao xeito de movernos, ás posturas corporais, aos xestos, á distribución no espazo ou á relación co resto dos compañeiros en escena, por exemplo. É imprescindible probar e xogar con eses factores da expresión non verbal para que a comunicación co público funcione.

Por outra banda, isto afectará tamén á **expresión verbal**. Neste eido, elixiremos entre todos un **refrán** representativo dun dos grupos que se enmarca no estilo que escollemos. Este pronunciarémolo á vez, en coro, como explicaremos no seguinte apartado. Pero, logo, individualmente, imos crear un **único verso** por persoa que imitará o estilo **verbal** do noso grupo e opción estética e sairemos a un punto a dicilo en voz alta por quendas.

c) **Dramaturxia:** no que se refire á translación de todos estes elementos á escena e á súa organización, veremos que a estrutura base coa que imos traballar é moi sinxela.

En canto os compañeiros expliquen ante os paneis a síntese do noso estilo e do grupo que eliximos, empezará a soar unha canción dese grupo escollido. Será entón cando saíamos á escena coa vestimenta, o obxecto e a expresión non verbal traballadas seguindo os criterios explicados. Moverémonos polo espazo case danzando, levando ao extremo a comunicación non verbal ensaiada.

Logo a música irá pouco a pouco baixando de volume e formaremos un **tableau conxunto** que nos represente. Non sabes o que é un tableau? Lóxico! Estamos aquí para explicalo: é unha fotografía estática realizada cos nosos corpos. Como aqueles “mannequin challenge” que foran tan populares hai uns anos.

O importante é que ese **tableau** represente o que queiramos expresar do noso estilo. Desde esa posición estática conxunta, colectiva, pronunciaremos o **refrán** do noso grupo que previamente seleccionamos.

A continuación, a persoa que creara o primeiro verso, imitando o estilo do grupo e do refrán, sairá do **tableau** para pronuncialo de xeito individual e regresará á imaxe conxunta. Logo procederá igual o segundo, o terceiro e os seguintes.

Unha vez que todas as persoas pronunciaran o seu verso e regresaran ao **tableau**, volverá soar a música do grupo como ao comezo e o equipo irá saíndo da escena ata desaparecer.

Como a acción é curta e a estrutura sinxela, debemos esforzarnos moito en crear un **tableau** con forza comunicativa, contundente e simbólico. Ademais, non en por que ficar conxelado todo o tempo. É máis, sería moi interesante que incorporara ao estatismo a relación co obxecto nalgún momento mentres pronuncia o refrán. Este, ademais, pode repetirse só ao comezo e ao final, cando se forma e antes de desfacerse ou ben despois de cada intervención individual, sempre que non sexa moi longo.

Como xa se advertiu, tamén é imprescindible traballar con coidado a expresión non verbal e non descoidala en ningún momento da actuación. Se o facemos así, os propios movementos van irse convertendo nunha coreografía e a nosa intervención será moito máis rica a nivel visual. Asemade, se vos animarades a bailar, sería xenial facelo mentres soa a música ao comezo mais, sobre todo, ao final, xusto cando se vai desfacer o tableau.

Se quixeramos ter unha táboa-síntese co conxunto da visión destes elementos para compartir co resto da aula e obter, así, unha perspectiva total das cinco intervencións, podemos usar a seguinte táboa como folla de ruta:

ESTILOS /GRUPO/ /CANCIÓN/	SIGNOS EXTERNOS		EXPRESIÓN		TABLEAU
	VESTIMENTA E PEITEADO	OBXECTO	NON VERBAL INDIVIDUAL GRUPAL	VERBAL REFRÁN +VERSO	IMAXE COLECTIVA CENTRAL
TRADICIONAL					
RAP/HIP-HOP					
HEAVY					
INFANTIL- FAMILIAR					
ELECTRÓNICA- EXPERIMENTAL					

4. TRACK CATRO. ALGÚNS EXEMPLOS CON ESTILO

En realidade, sei que co apartado anterior, a vosa creatividade e potencial é máis que suficiente para realizar as montaxes dos cinco estilos mencionados: o tradicional; o rap e a súa cultura hip hop; o heavy; o infantil-familiar e a electrónica xunto coa experimentación. Incluso de ampliálos a outros xéneros presentes na exposición, tanto nos paneis referentes ao ámbito galego como aos relativos a Pontevedra.

Aínda así, parecíame interesante compartir, de maneira moi sintética e totalmente aberta, algún posible exemplo, por se alguén precisa ancorar nel nalgún momento. Estenderémonos máis no primeiro dos estilos e dos demais daremos tan só unha pincelada por arriba, para dar un pequeno impulso á vosa infinita e fascinante creatividade e imaxinación. Avante con toda!

4.1. Tradicional: antes de nada, debemos investigar sobre este estilo musical, ampliando a información dos paneis e, logo de escoitar diferentes temas dos distintos grupos e de recoller suficiente información sobre o estilo, estamos en condicións de preparar a exposición inicial e tamén a performance conseguinte.

a) **GRUPO:** poderíamos escoller, por exemplo, ás **Tanxugueiras** e a súa canción “Malquerenza”, dispoñible en **Youtube**¹. Sería recomendable tamén

que viramos diferentes vídeos deste e outros grupos para facernos unha idea do estilo.

- b) Signo externo referente ao **OBXECTO**: algúns exemplos representativos deste estilo poderían ser un instrumento de percusión (pandeireta, latas de pemento, castañas ou tarrañolas etc.), o cal nos daría xogo para o momento do tableau ao pronunciar o refrán. Iso si, o ideal é que os obxectos sexan vistosos e que garden unha relación coherente entre as persoas do grupo que os empregan.
- c) Signo externo referente á **ROUPA OU VESTIMENTA**: podemos elixir algún complemento externo que sexa representativo deste estilo, sen ter que vestir un traxe tradicional completo. Algúns exemplos serían os panos ou sombreiros na cabeza, chalecos, peiteados como os que empregan as bailadoras ou cantareiras etc. Novamente o importante é exteriorizar o que pretendemos na escena e que a visión de conxunto dos participantes funcione.
- d) No que atinxe á **EXPRESIÓN NON VERBAL**, cómpre observar no ámbito **INDIVIDUAL** a elegancia e garbo das bailadoras e bailadores da música tradicional. Cómpre observar como moven o corpo ao camiñar en roda; ergueitos, co foco nos brazos moitas veces, a cabeza firme, o peito cara adiante etc. Resulta imprescindible ensaiar conxuntamente ata coller esa calidade de movemento que queremos lograr.
- En canto ao **GRUPO**, vemos como funciona a estrutura do círculo ao comezo e logo a organización en ringleiras. Por tanto, a composición do noso **tableau** pode basearse nesas estruturas, mais tamén no contido do propio refrán que elixamos. Resultaría interesante, asemade, empregar na configuración do **tableau** os obxectos elixidos.
- Non esquezades, por suposto, que a calidade da expresión ha de conservarse en todo momento da performance e se se cambia sería para xogar con ela.
- e) No referente á **EXPRESIÓN VERBAL**, poderíamos seleccionar un refrán que dera xogo á hora de compoñer o **tableau**, mais tamén para logo compoñer o verso individual sobre el. Por exemplo, se seleccionamos de “Malquerenza” o popular:

Antes eran os teus ollos
os que a min me daban pena
agora non son os teus
que son os doutra morena

Poderíamos construír a imaxe estática xogando cos ollos como foco e

construír unha fotografía potente. Logo, os versos individuais que cada compoñente do grupo saíra a presentar poderían versar sobre eses “outros ollos” que agora fan sufrir ao “eu lírico” da composición. O verso individual pode ser curto. É máis, mellor curto e contundente e, cando saíamos a pronuncialo debemos dirixirnos ao público e apelalo, pois xa no **tableau** ficamos estáticos e coa mirada e o xesto diferentes.

4.2. Rap e hip hop: poderíamos elixir, por exemplo de García Mc & Nación Quilombo o tema “Amor e sangue en Chiapas” e coller de obxectos botes de spray que fixeramos soar dalgún xeito e que nos invitaran a realizar movementos similares aos graffiteiros da cultura hip hop ao entrar ou en momentos puntuais. Cun mínimo de investigación comprobaríamos que a vestimenta da cultura hip hop e dos rapeiros é moi característica; gorra na cabeza e roupa moi frouxa, por exemplo. Tamén os movementos de expresión corporal están moi definidos, cos xeonllos flexionados, os ombros inclinados e os movementos de brazos moi abertos e colgantes. Debemos focalizar a atención nese peso e fluidez que os caracteriza, así como no sinalado anteriormente en canto ás extremidades. Canto máis coidemos isto, moito mellor será a nosa presentación ante o público. Na cultura hip hop, saír a bailar ou a rapear ao centro do círculo resulta moi recorrente, polo que se pode xogar con iso a nivel grupal. Da mesma maneira, para o tableau os posados préstanse moito, pois podemos ver en moitas portadas de discos as figuras que fan ao cruzar os brazos ou ao abrilos moito e como sinalan a alguén. Mais tamén podemos centrarnos nunha persoa con esa postura e os demais facendo o xesto de pintala co spray en diferentes alturas e posicións, para ofrecer un cadro poderoso. Finalmente, para a composición do texto e a escolla do refrán, cabe reparar na autoría múltiple dese tema, entre as que figuran os versos de poetas moi coñecidos e relevantes, que podemos tratar nas aulas de lingua. A partir dun dos seus versos podemos escribir o noso propio e, co conxunto, pechar o poema.

4.3. Heavy: algunhas ideas posibles para quen escolla este estilo é empregar como obxecto, por exemplo, cadeas dun tamaño suficiente para que dean xogo en escena. Como vestimenta é moi doado de caracterizar esta modalidade con roupa negra, de coiro ou complementos de pinchos de metal. Na expresión non verbal a calidade do movemento e das posturas tamén están

moi marcadas; co corpo en tensión e moita contundencia no exteriorizado. A nivel grupal pode experimentarse con algún tableau relacionado coas cadeas. Se queremos definir o estilo de maneira tan fiel, é recomendable escoller un grupo con ese tipo de sons, como Machina. As súas letras axudarán, ademais, a crear uns versos individuais coherentes co conxunto da performance.

Infantil-familiar: como comprobaremos na investigación, a maior parte dos libro-discos e espectáculos desta categoría xiran arredor dun tema que nos pode servir de inspiración para a nosa presentación. Por exemplo, se escollamos María Fumaça a composición do tren daríanos moitas ideas para os demais factores.

A vestimenta ha de ser moi vistosa e repleta de cores, como sucede habitualmente ao público infantil e a expresión debemos facela moi clara, cunha construción do personaxe sanguíneo, como sucede coa figura do arlequín. Os movementos, por tanto, deben ser moi esaxeración xestual e moita interacción. Algunhas das cancións dos libro-discos van introducirnos nese mundo e poderíamose inserirnos. Os obxectos poden responder a algunhas das accións da esa escenografía antes referida da temática.

Como en igual que nos anteriores casos, as accións deben conducirnos a achegarnos o máis posible á esencia do tema, a bailar ao tempo que deixan marxe á nosa interpretación.

Ademais nos permitirá tratar a fusión e nos abrirá posibilidades para presentar co audiovisual en escena, se temos os medios e a vontade.

Entre as maiores neste estilo cabe resaltar que sería moi interesante tratar o refrán por un momento de intervención con música electrónica. Se non dispoñemos de ningún aparello específico para tal fin, hai moitas aplicacións para móbiles e tabletas que poderían facer este papel. Incluso se iso non fora posible sempre está a opción do “beatbox” ou mesmo a saída de son do propio Baiuca ou o artista correspondente actuando. En calquera caso, un dos obxectos fundamentais deste estilo son os cascos. Aínda que tamén se podería xogar con vinilos para o tableau e xa non digamos con luces de neon ou cables que nos permitiran deixar a sala a escuras e que nalgúns intres só se vira a nosa intervención, acompañados ou non por proxeccións audiovisuais.

5. TRACK CINCO. CHEGADA A ÍTACA: E O MEU ESTILO, QUE?

Toda viaxe supón unha transformación. De feito un dos maiores intereses das viaxes reside, precisamente, nesa capacidade de metamorfose individual e, de ser o caso, tamén grupal. Cando regresamos non somos as mesmas, nin como persoas nin como grupo. Algo irremediabilmente cambia en nós.

Neste percorrido a través de diferentes estilos, na procura do noso propio e colectivo, así da nosa identidade única e conxunta, seguro non somos igual que cando partimos. Non vos parece? Pois volvamos ás preguntas iniciais: que te define como persoa? Como es realmente? A túa vestimenta, peiteado ou modo de falar dan conta de quen es?

E a nós? Hai algo que nos identifique como colectivo? Quen somos?

Pode ser a lingua un dos signos máis importantes de identidade?

Que estilos coñeces no eido das artes? E en concreto na música? Que importancia pensas que pode ter para un artista atopar o seu propio **estilo**, co que se sinta **identificado** e co que os demais o **identifiquen**? Cales son os **estilos** artísticos e musicais que che gustan? Con cales te sentes máis identificado? Pensas que algún deses estilos levan asociadas unha maneira de vestir ou incluso de comportarse, de falar e de estar no mundo?

Evidentemente, como acontece con case todos os interrogantes importantes da vida, as respostas son moito máis longas e complexas do que pode parecer nun primeiro momento. O ideal é que reflexiones sobre todo o traballo feito, primeiro en grupo e logo individualmente e que, unha vez repousada a aprendizaxe, volvades debater, co profesorado como guía, estas cuestións.

Outra vez? E moitas máis!

A procura dun estilo e identidade propias e a reflexión ou a intervención sobre as colectivas é traballo de toda unha vida. Este puido ser un bo comezo. Espero que agradable e divertido tamén para ti, para vós.

Para min foi un pracer compartilo desde este outro lado do espello!
Ata sempre!

Rosalía Fernández Rial

CAN
TÁ mola
GALEGO en